


# SECCIÓN DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN DO ESTUDANTE (SIOPE)




### Fins e obxectivos da unidade

Os fins e obxectivos prioritarios do SIOPE son:

- Ofrecerlles a todo o alumnado e persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias unha información clara e completa sobre todo o concernente á vida universitaria.
- Atender o alumnado que o requira nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.
- Promover o voluntariado e a integración na comunidade universitaria.

### Organigrama

O directorio completo pódese consultar na páxina web <http://www.uvigo.es> no seu enlace de Administración e Servizos no apartado de Servizo de Extensión Universitaria.



### Servizos prestados

O SIOPE (Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudante), está estruturado en tres áreas diferenciadas:

- ÁREA DE INFORMACIÓN
- ÁREA DE VOLUNTARIADO E INTEGRACIÓN
- GABINETE PSICOPEDAGÓXICO

A continuación descríbense os servizos identificados en cada área:

#### 1. ÁREA DE INFORMACIÓN:

1.1. Facilitar información académica relativa a:

- Acceso á universidade para cursar estudos universitarios.
- Oferta de estudo na Universidade de Vigo, así como outros estudos de interese tanto en universidades españolas como estranxeiras.

- Trámites e procesos que teñen que ver coa vida académica: validacións, continuación de estudos, permanencia na universidade, simultaneidade de estudos, etc.

1.2. Facilitar información relativa á vida universitaria:

- Bolsas e axudas ao estudo que se convocan, tanto na Universidade de Vigo como noutras entidades públicas ou privadas.
- Oferta de aloxamento tanto en residencias propias da Universidade de Vigo como noutras da súa área de influencia.
- Seguro escolar (cobertura, trámites a seguir, etc.).
- Servizos complementarios que ofrece a Universidade de Vigo: comedores, transporte, actividades deportivas, actividades culturais, actividades científicas, etc.

a través de:

- teléfono: 986 81 36 30 // 986 81 37 55
- enderezo electrónico: [siope@uvigo.es](mailto:siope@uvigo.es)
- de modo presencial nas nosas oficinas

#### 2. ÁREA DE VOLUNTARIADO E INTEGRACIÓN:

2.1. Fomentar a participación da comunidade universitaria en actividades de voluntariado, promovendo e xestionando programas propios ou en colaboración con outras entidades, nos que os membros da comunidade poidan desenvolver a súa actividade de voluntariado.

2.2. Xestionar o Programa PIUNE (Programa de Integración de Universitarios/as con Necesidades Especiais), mantendo un censo de persoas con discapacidade na Universidade de Vigo, con motivo de poder prestarlles apoio personalizado.

2.3. Promover a integración do alumnado na realidade social da comunidade universitaria mediante actividades de voluntariado.

2.4. Promover a formación en temas de voluntariado e desenvolvemento solidario (obradoiros, seminarios, cursos, actividades de sensibilización, xornadas, encontros, charlas, etc.).

#### 3. GABINETE PSICOPEDAGÓXICO

3.1. Atender o alumnado que o requira nas áreas de orientación educativa e académica:

- Asesorar na planificación e desenvolvemento da traxectoria curricular e académica.

- Axeitar e optimizar as decisións académicas.

3.2. Prestar atención ao alumnado na área psicopedagóxica:

- Previr condutas e situacións de risco que poñan en perigo a motivación e, polo tanto, o desempeño académico.
- Mellorar o nivel de autoconecemento e comprensión da realidade.

- Incrementar os niveis de autoestima e motivación persoal.
- Aprender a acadar e manter o benestar psicolóxico que todos e todas desexamos e precisamos.

- Orientar e traballar técnicas de estudo.

- Apoiar a integración do alumnado con discapacidade no ámbito universitario.

## Compromisos de calidade

• Facilitar, no 100% dos casos, as distintas tipoloxías de información cuns contidos mínimos segundo se recolle na seguinte táboa:

TIPO DE INFORMACIÓN SOLICITADA	CONTIDOS MÍNIMOS
Trámites e procesos que teñen que ver coa vida académica	<ul style="list-style-type: none"><li>• Prazos</li><li>• Documentación necesaria para a tramitación</li><li>• Lugares de entrega da documentación</li></ul>
Acceso á universidade para estudantes que pretenden cursar estudos universitarios	<ul style="list-style-type: none"><li>• Vías de acceso á universidade</li><li>• Notas mínimas de acceso de referencia</li><li>• Núm. de prazas ofertadas en cada titulación</li></ul>
Bolsas e axudas ao estudo que se convocan, tanto na Universidade de Vigo como noutras entidades públicas ou privadas	<ul style="list-style-type: none"><li>• Abanos de bolsas e axudas existentes</li><li>• Requisitos necesarios para a súa solicitude</li><li>• Prazos</li></ul>
Oferta de aloxamento en residencias propias da Universidade de Vigo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Residencias existentes</li><li>• Requisitos de acceso: prazas, datas, características</li></ul>

• Facilitar a información referente ao acceso á universidade, a oferta de estudo na Universidade de Vigo, os trámites e procesos que teñen que ver coa vida académica e a oferta de aloxamento en residencias propias da Universidade de Vigo, nos seguintes prazos segundo a modalidade de prestación do servizo:

- Presencial e telefónico: no mesmo momento da súa solicitude no 100% dos casos.
- Telemático: como máximo 2 días hábiles dende o envío do enderezo electrónico, no 100% dos casos.

• Facilitar a información relativa á oferta de estudo doutras universidades españolas e estranxeiras, así como a oferta de aloxamento en residencias da área de influencia da Universidade de Vigo nun prazo máximo de 2 días hábiles dende a súa solicitude, no 100% dos casos (independentemente da modalidade de prestación)

- Manter un mínimo anual de 8 convenios de colaboración con entidades de voluntariado.
- Contactar co 100% do alumnado que necesite e/ou solicite apoio a través do Programa PIUNE nun tempo

máximo de 5 días hábiles dende a recepción da devandita solicitude na Área de Igualdade.

- Promover un mínimo de 3 obradoiros ao ano en materia de voluntariado e/ou desenvolvemento solidario.
- Atención en orientación educativa e académica de modo persoalizado no mesmo momento da súa solicitude no 90% dos casos e no 10% restante nun prazo máximo de 5 días hábiles, durante o período lectivo.
- Organizar un mínimo de 4 cursos de formación ao ano relacionados coa área psicopedagóxica, que redunden na mellora persoal e académica do alumnado da Universidade de Vigo.
- Atender ao alumnado na área psicopedagóxica nun prazo máximo de 3 días hábiles no 80% dos casos e no 20% restante nun prazo máximo de 5 días hábiles durante o período lectivo.

## Dereitos das persoas usuarias

- A seren tratados con respecto e deferencia polo persoal que presta os servizos.
- Á igualdade de oportunidades en tódolos servizos que se ofrecen.
- A recibiren información comprensible, veraz, obxectiva e completa do que se solicita.
- Á confidencialidade na información de carácter persoal, para garantir o dereito á privacidade, así como á rectificación dos datos inexactos ou incompletos.
- A recibiren atención psicopedagóxica de modo individual, confidencial e persoal en todos os casos.
- Todos os dereitos recoñecidos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## Deberes das persoas usuarias

- Tratar con respecto e corrección a todo o persoal da sección.
- Comunicar puntualmente os cambios dos seus datos que incidan nos procesos relacionados cos servizos descritos nesta carta.
- Dirixir as súas solicitudes de información ao enderezo electrónico e teléfono indicados nos datos da sección, para que o SIOPE poida cumprir cos compromisos de tempo de resposta.

## Normativa reguladora

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e modificacións posteriores.
- Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.
- Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 3/2000, do 22 de decembro, de voluntariado de Galicia.
- Regulamento de voluntariado da Universidade de Vigo.

## Formas de participación das persoas usuarias


As persoas usuarias poderán colaborar na mellora dos servizos prestados a través da:

- Presentación de queixas, suxestións e parabéns na páxina web [www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)
- Participación nos sistemas de avaliación da satisfacción de usuarios e usuarias.

## Datos da sección

Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudiante (SIOPE)  
Edificio Miralles, praza Miralles  
Campus de Vigo, As Lagoas, Marcosende  
36310 Vigo  
Teléfonos: 986 81 36 30 // 986 81 37 55  
Fax: 986 81 36 39  
Enderezo electrónico: [siope@uvigo.es](mailto:siope@uvigo.es)  
Páxina web:  
[http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/Administracion/Extension/Universitaria/Funciones/estudiante.html](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Administracion/Extension/Universitaria/Funciones/estudiante.html)  
Horario de atención ao público: de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres

Plano de situación:



Medios de acceso e transporte:

- Liñas e servizos de autobús Vigo-CUVI e viceversa:
- Vitrasa: liña 8 e servizo de lanzadeira (saída desde a praza de América e a praza de España durante os días lectivos)
- Melytour (de luns a venres laborais)